

# **C.P.I. TINO GRANDÍO**

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

**PROGRAMACIÓN PROPOSTA**

**PARA O CURSO 2019-20**

ÍNDICE

<b>1.- CONTEXTO SOCIOECONÓMICO DO CPI TINO GRANDÍO.....</b>	<b>4</b>
1.1.- Situación socioeconómica e cultural da zona onde se empraza o centro .....	4
1.2.- Entorno socioeconómico e cultural das familias do alumnado.....	4
<b>2.- ANÁLISE DO CENTRO .....</b>	<b>5</b>
2.1.- Elementos materiais .....	5
2.2.- Alumnado .....	5
<b>3.- FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....</b>	<b>6</b>
3.1.- Estudos que imparte.....	6
<b>4.- CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA.....</b>	<b>6</b>
<b>5.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....</b>	<b>7</b>
<b>6.- COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA .....</b>	<b>9</b>
<b>7.- COMPETENCIAS BÁSICAS PARA FÍSICA E QUÍMICA .....</b>	<b>10</b>
<b>8.- OBXECTIVOS XERAIS DO ENSINO DAS CIENCIAS DA NATUREZA.....</b>	<b>11</b>
<b>9.- PLAN DE REFORZO.....</b>	<b>12</b>
9.1.- Obxectivos do plan de reforzo .....	12
9.2.- Modificación das programacións didácticas.....	12
<b>10.- SEGUNDO CURSO. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA .....</b>	<b>13</b>
10.1.- Obxectivos da área de Física e Química de 2º ESO .....	13
10.2.- Estándares de aprendizaxe, competencias clave, instrumentos de avaliación e temporalización. .	14
10.3.- Unidades didácticas e secuenciación de contidos .....	28
<b>11.- TERCEIRO CURSO. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA .....</b>	<b>29</b>
11.1.- Obxectivos da área de Física e Química de 3º ESO.....	29
11.2.- Estándares de aprendizaxe, competencias clave, instrumentos de avaliación e temporalización. .	30

11.3.- Plan de reforzo. Estándares de aprendizaxe imprescindibles .....	39
11.4.- Unidades didácticas e secuenciación de contidos .....	40
<b>12.- CUARTO CURSO. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA .....</b>	<b>42</b>
12.1.- Obxectivos da área de Física e Química de 4º ESO .....	42
12.2.- Estándares de aprendizaxe, competencias clave, instrumentos de avaliación e temporalización. ...	43
12.3.- Plan de reforzo. Estándares de aprendizaxe imprescindibles .....	59
12.4.- Unidades didácticas e secuenciación de contidos .....	60
<b>13.- METODOLOXÍA .....</b>	<b>62</b>
<b>14.- CONTIDOS TRANVERSAIS.....</b>	<b>63</b>
<b>15.- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES .....</b>	<b>65</b>
<b>16.- MÉTODO DE AVALIACIÓN .....</b>	<b>65</b>
<b>17.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>69</b>
<b>18.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN .....</b>	<b>72</b>
<b>19.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....</b>	<b>74</b>
<b>20.- PLAN LECTOR, ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.....</b>	<b>75</b>
<b>21.- USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NA ÁREA DE FÍSICA E QUÍMICA.....</b>	<b>76</b>
<b>22.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES. ....</b>	<b>76</b>
<b>23.- MATERIAL DIDÁCTICO A UTILIZAR.....</b>	<b>77</b>

## **1.- CONTEXTO SOCIOECONÓMICO DO CPI TINO GRANDÍO**

### **1.1.- Situación socioeconómica e cultural da zona onde se empraza o centro**

O Centro está situado na capitalidade do Concello. Nel escolarízanse todos os alumnos/as do Concello, agás aqueles que están escolarizados en Educación Infantil e Primaria no CEIP de Lousada.

O núcleo de poboación máis grande céntrase no propio Guntín onde se atopa o Concello, seguíndolle en importancia polo seu nivel de servicios Lousada. O resto son parroquias e pequenas entidades de poboación caracterizadas pola súa dispersión.

Polo que respecta a infraestructuras de servicios sociais, no Concello de Guntín temos:

- Un CPI en Guntín onde se imparte Educación Infantil, Primaria e toda a Educación Secundaria Obrigatoria.
- Un CEIP en Lousada no que se imparte Educación Infantil e Educación Primaria.
- Un Centro de Saúde (PAC) dependente do Sergas.
- Un campo de fútbol.
- Pistas polideportivas nos Colexios.
- Pabillón Municipal de Deportes.
- Importante infraestructura para practicar natación con dúas piscinas ao aire libre.
- Unha casa de cultura.

No referente aos medios de transporte utilizados polo alumnado, o máis importante é o autobús escolar. Hai, como é lóxico, un pequeno grupo do alumnado que se desprazan ata o centro a pé.

A distancia que teñen que percorrer oscila entre menos dun quilómetro a 30 Km. O tempo que tardan en chegar á casa é arredor duns 45 minutos como media, situándose un grupo importante en torno á media hora de traxecto. En canto ao gasto realizado nestas viaxes, no alumnado ninguén paga nada por recibir axuda oficial.

### **1.2.- Entorno socioeconómico e cultural das familias do alumnado**

A base socioeconómica dos habitantes do Concello, que conta cunha poboación de 3563 habitantes é, na súa maioría, a gandería e a labranza. A xente da capitalidade adícase fundamentalmente ao comercio, hostalería, servizos e pequena industria.

Pódese afirmar que, en xeral, predominan as familias con renda media-baixa, sendo isto parello ao seu nivel cultural. A inmensa maioría dos pais/nais do alumnado

teñen exclusivamente estudos primarios e nalgúns casos contados de estudos secundarios, medios e superiores.

No que respecta ao Centro as familias manteñen unha actitude de confianza co mesmo, acoden cando se lles convoca, aínda que non maioritariamente, e as súas preocupacións céntranse en que os seus fillos promovan de curso, sigan estudos de ensinanza post-obrigatoria e dispoñan dun bo servizo de transporte e comedor.

## **2.- ANÁLISE DO CENTRO**

### **2.1.- Elementos materiais**

O actual Centro comezou sendo un colexio público formado por 8 unidades .A primitiva construción data aproximadamente da década dos 80. No ano 1997 engadíuselle un edificio anexo que é onde se imparte a E.S.O. Incluíuse neste proxecto a renovación do edificio antigo, tanto por dentro coma por fóra do mesmo.

O Centro emprázase nunha parcela de 10 000 m<sup>2</sup> e ao redor do edificio existen ademais de zonas verdes , un ximnasio e unha pista polideportiva cuberta.

Dentro do aulario dispoñemos dos seguintes espazos destinados á docencia:

- Laboratorio de Ciencias Naturais, Química e Física.
- Aula de Música.
- Aula de Plástica e Debuxo.
- Aula de Tecnoloxía e Electrónica.
- Aula de Informática.
- Biblioteca.
- Aula de usos múltiples.

Cómpre mencionar que estes espazos, por ser un centro integrado, compártense entre Primaria e Secundaria.

Así mesmo, temos os distintos espacios adicados á administración e outros servizos (departamentos, sala de reunión, sala de profesores, despachos, etc)

### **2.2.- Alumnado**

A procedencia xeográfica do alumnado circunscríbese ao devandito Concello de Guntín. A este hai que engadirle algunha das parroquias máis próximas a Guntín, como é o caso do concello de Portomarín.

A lingua maioritaria entre os alumnos é o galego cunha porcentaxe aproximada do 95%.

### **3.- FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

#### **3.1.- Estudos que imparte**

No centro impártense tres etapas educativas: infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

No presente curso escolar seguese a participar no Proxecto Seccións Europeas.

Oferta as seguintes materias optativas na ESO.

Segunda Lingua Estranxeira .

Iniciación á Tecnoloxía Informática .

Música.

Educación Plástica e visual.

Bioloxía e Xeoloxía.

Física e Química.

Tecnoloxías.

Matemáticas aplicadas e académicas

Cultura científica

Ciencias aplicadas a actividade profesional

Seccións bilingües en música e ciencias sociais

### **4.- CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

No curso actual o Departamento de Física e Química está constituído por David Pérez Alvariño, profesor da especialidade de Física e Química, quen desempeña o rol de Xefe de Departamento, e por Amparo Veiga Vila, profesora da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía.

A materia de Física e Química de 2º ESO é impartida por Amparo Veiga no grupo A, mentres que no grupo B a docencia corre a cargo de David Pérez. As materias de Física e Química de 3º e 4 son impartidas por David Pérez.

Os grupos están distribuídos como segue:

2º ESO Grupo A, un grupo de 12 estudantes

2º ESO Grupo B, un grupo de 12 estudantes

3º ESO Grupo A, un grupo de 8 estudantes

3º ESO Grupo B, un grupo de 9 estudantes

4º ESO, un grupo de 4 estudantes

## **5.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A Educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a

- participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
  - i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
  - j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
  - k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
  - l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
  - m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
  - n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para a mantenza da nosa identidade.



## **6.- COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA**

Son as habilidades para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que esixe a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos dende os diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

O anterior inclúe a adecuada percepción do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a gran escala como no contorno inmediato, e a habilidade para interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas nos que interveñan os obxectos e a súa posición.

Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manteña a solidariedade global e interxeracional. Supón así mesmo demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsables na vida cotiá.

Deste xeito, partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, deberán argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudables nun contorno natural e social tamén saudable.

Tamén incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas. Isto implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e suscitar problemas relevantes; realizar observacións directas e indirectas con conciencia do marco teórico ou interpretativo que as dirixe; formular preguntas; localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa; suscitar e contrastar solucións, tentativas ou

hipóteses; realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade; e identificar o coñecemento disponible (teórico e empírico) necesario para responder ás preguntas científicas, e para obter, interpretar, avaliar e comunicar conclusións en diversos contextos (académico, persoal e social). Así mesmo, significa recoñecer a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora como construción social do coñecemento ao longo da historia.

Debe acadarse tamén a conciencia necesaria para o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e responsable, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

## **7.- COMPETENCIAS BÁSICAS PARA FÍSICA E QUÍMICA**

a) Competencia para o coñecemento e interacción co mundo físico.

- Manexar a linguaxe científica, unidades de medida.
- Identificar e interpretar procesos físico-químicos da vida diaria.
- Manexar as leis fundamentais da física e da química.

b) Competencia matemática.

- Uso de cálculos e expresións matemáticas
- Representación e interpretación de gráficas.

c) Competencia en comunicación lingüística.

- Uso adecuado do vocabulario propio da física e da química.
- Lectura comprensiva de textos científicos.

d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital.

- Recollida de datos e tratamento informático dos mesmos.
- Búsqueda de modelos que ilustren os procesos físicos ou químicos estudados.

e) Competencia social e cidadá.

- Valorar a importancia e limitación dos recursos naturais e a necesidade de conservalos.
- Coñecer os riscos que entrañan para o medio natural os procesos físicos e químicos.
- Ser conscientes dos avances que contribuen a mellorar a calidade de vida.

f) Competencia para aprender a aprender.

- Realización de resumos, esquemas, mapas conceptuais e suliñado de ideas fundamentais en textos.

- g) Competencia emocional.
- Adquirir un espírito cívico de respecto e coidado do entorno e da súa propia persoa.
- h) Competencia cultural e artística.
- Valorar a beleza de paisaxes e seres vivos.
- Identificar obras artísticas que poidan ilustrar os distintos temas.

## **8.- OBXECTIVOS XERAIS DO ENSINO DAS CIENCIAS DA NATUREZA**

O ensino desta materia terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

a) Comprender e utilizar as estratexias e os conceptos básicos das ciencias da natureza para interpretar os fenómenos naturais, así como para analizar e valorar as repercusións do desenvolvemento científico e das aplicacións tecnolóxicas.

b) Aplicar, na resolución de problemas e en sinxelas investigacións, estratexias coherentes cos procedementos da ciencia, tales como a discusión a formulación de hipóteses, a elaboración de estratexias de resolución e deseños experimentais, a análise de resultados, a consideración de aplicacións e repercusións do estudo realizado e a busca de coherencia global.

c) Comprender e expresar mensaxes con contido científico utilizando diferentes linguaxes como oral, escrita, gráfica, etc.. con propiedade así como comunicar a outros argumentacións e explicacións empregando argumentos científicos.

d) Buscar e seleccionar informacións sobre temas científicos, utilizando diferentes fontes e empregalas para fundamentar e orientar os traballos sobre temas científicos.

e) Desenvolver hábitos favorables á promoción da saúde persoal e comunitarias en ámbitos como a alimentación, hixiene e sexualidade, facilitando estratexias que permitan facer fronte aos riscos da sociedade actual en aspectos tales como o consumo, drogodependencias e transmisión de enfermidades.

f) Comprender a importancia de utilizar os coñecementos procedentes das ciencias da natureza para satisfacer as necesidades humanas e participar na necesaria toma de decisións sobre os problemas locais e globais aos que nos enfrentamos.

g) Adoptar actitudes críticas fundamentadas no coñecemento científico para analizar, individualmente ou en grupo, cuestións relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade. Coñecer e valorar os problemas aos cales se enfrenta hoxe a humanidade en relación á sobreexplotación dos recursos, ás diferenzas entre

países desenvolvidos e non, e a necesidade de buscar a aplicación de medidas, para avanzar cara ao logro dun futuro sostible.

h) Valorar o carácter tentativo e creativo das ciencias da natureza así como as súas contribucións ao pensamento humano ao longo da historia, apreciando os grandes debates superadores de dogmatismos e as revolucións científicas que marcaron a evolución cultural da humanidade e as súas condicións de vida.

i) Ser quen de buscar e de utilizar o coñecemento científico propio, planificando de forma autónoma a acción e posta en práctica das actividades de aprendizaxe, e de utilizar uns criterios de avaliación para autocorrixirse no caso de que sexa necesario.

## **9.- PLAN DE REFORZO**

### **9.1.- Obxectivos do plan de reforzo**

- a) Facilitar que o alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.
- b) Reforzar os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.

### **9.2.- Modificación das programacións didácticas**

Ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19, existen aprendizaxes imprescindibles, que non foron adquiridas no curso 2019/2020, e polo tanto incorporaranse nas programacións de 3º e 4º da ESO. No caso de 2º da ESO, por ser a primeira vez que cursan física e química no ensino secundario, non teñen ningún estándar de aprendizaxe non adquirido no curso anterior. O seu desenvolvemento farase cun enfoque competencial, integrándose ao longo da docencia de todo o curso.

Engadiranse os contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe imprescindibles, que non foron adquiridos no curso 2019/2020. Estes contidos aparecen na táboas das seccións **11.3** e **12.3** deste documento. Estes contidos impartiranse de maneira transversal ao longo de toda a materia, para que non alteren significativamente o desenvolvemento dos demais contidos da materia. No epígrafe correspondente a programación de cada curso especificase a **temporalización** destes contidos.

Os criterios e instrumentos de avaliación asociados a estes estándares de aprendizaxe imprescindibles poderanse consultar na programación didáctica de física e química, do curso anterior, que será publicada na paxina web do centro, ou nesta mesma programación, nas seccións dedicadas a cada un dos cursos correspondentes

nos que eses estándares de aprendizaxe se deben impartir de forma normal.

Tamén se modificará a programación da materia para incluír estes estándares de aprendizaxe imprescindibles nas unidades didácticas correspondentes. O criterio a seguir será o de incluír cada estándar de aprendizaxe imprescindible do curso anterior, na unidade didáctica coa que se relacione temáticamente dunha forma máis directa e orgánica, para que desta maneira altere o menos posible o desenvolvemento normal do curso, e sexa máis fácil de asimilar polo alumnado.

## **10.- SEGUNDO CURSO. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA**

### **10.1.- Obxectivos da área de Física e Química de 2º ESO**

- Utilizar o método científico como estratexia de afondamento no coñecemento.
- Coñecer as investigacións e descubrimentos de científicos e científicas galegos.
- Traballar con magnitudes desde diferentes enfoques.
- Usar con autonomía os instrumentos e materiais básicos do laboratorio.
- Desenvolver traballos de investigación para afondar no feito científico.
- Recoñecer as aplicacións e características principais da materia.
- Coñecer as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia, os seus cambios de estado e as leis dos gases, e explicalas de acordo coa TCM.
- Relacionar as variables que interveñen no estado dun gas utilizando gráficas e/ou táboas.
- Recoñecer a diferenza entre substancias puras e mesturas, e as súas aplicacións.
- Discernir os cambios físicos e químicos que se producen na formación de substancias.
- Describir o proceso de transformación dos reactivos en produtos.
- Realizar experiencias sinxelas sobre a lei de conservación da masa e os factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas.
- Reflexionar sobre a importancia da industria química.
- Recoñecer distintas forzas que están presentes na natureza, os cambios de estado que producen no movemento e algúns dos seus efectos.
- Coñecer as máquinas simples e a súa utilidade para transformar o movemento e reducir a forza aplicada.
- Analizar a forza gravitacional e os elementos que a compoñen para comprender e aplicar a lei de gravitación universal.

- Explorar os niveis de agrupación dos corpos celestes, as forzas que interveñen entre eles e as unidades de lonxitude necesarias para medir as distancias que os separan.
- Afondar no coñecemento da enerxía e as súas diversas manifestacións, identificándoas en situacións cotiás e experiencias prácticas.
- Comprender tanto o principio de conservación da enerxía como procesos de transformación de enerxía mecánica ou térmica e aplicarlos na resolución de problemas, experimentos ou traballos prácticos.
- Coñecer que é unha onda, examinar as ondas mecánicas electromagnéticas e analizar calidades, fenómenos e efectos propios do son e da luz.
- Contrastar fontes de enerxías renovables e non renovables, e o impacto que xeran na sociedade e no ambiente.
- Analizar datos sobre o consumo enerxético e os seus problemas derivados e explicar medidas e solucións que favorezan un consumo responsable e a sostibilidade do ambiente.

## **10.2.- Estándares de aprendizaxe, competencias clave, instrumentos de avaliación e temporalización.**

A continuación amósanse os estándares de aprendizaxe, a súa relación coas competencias clave e os instrumentos de avaliación empregados, de acordo ao establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Tamén refírese nas seguintes táboas a temporalización dos bloques de contidos e a súa distribución nos diferentes instrumentos de avaliación.

**1ª AVALIACIÓN**

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais							
				Prob. .esc	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.</li> </ul>	80	10	50		50							X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.</li> </ul>	80	10	50		50							X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.</li> </ul>	80	10	50	50													
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.</li> </ul>	80	10	90				10										
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	80	10			50	50											
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.</li> </ul>	100	10	90				10									X	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.</li> </ul>	100	10			50	50									X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCLCMC</li> <li>CT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	60	10	50	50						X						



Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.</li> </ul>	50	5			50	50										
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> </ul>	80	5			50	50						X				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.</li> </ul>	100	10						100						X		
	Bloque 2. A materia																
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.</li> </ul>	100	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.</li> </ul>	80	10	90		10											

▪ CMCCT	▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	100	10	90		10											

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
▪ CMCCT	▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	100	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	80	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	80	10	90		10						x					
▪ CAA ▪ CMCCT	▪ FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	80	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	100	25	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de	100	25	90		10											

	especial interese.																
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.</li> </ul>	80	25			50	50					X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.</li> </ul>	80	25	50		50						X					



Primeira proba



Segunda proba



Terceira proba

## 2ª AVALIACIÓN

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. .%	Peso Cualific. .%	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob.esc	Prob.oral	Trab.ind	Trab.grup	Cad.Cla	Rúb.(2)	Obs.	CL	EOE	CA	TI	EM	EC	PV
	Bloque 3. Os cambios																
▪ CMCCT	▪ FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	100	20	90		10											
▪ CCL ▪ CMCCT	▪ FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	100	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	80	10			50	50										
▪ CMCCT	▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	100	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	80	10	90		10											
▪ CMCCT ▪ CSC	▪ FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	80	10	90	10												X
▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE	▪ FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	80	10			50	50										X

Bloque 4. O movemento e as forzas																	
▪ CMCCT	▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	100	20	90	10												

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TI C	EMP	EC	PV
▪ CMCCT	▪ FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	100	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	80	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	100	20	80		10	10					X					
▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT	▪ FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	100	20			50	50							X			
▪ CMCCT	▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado	100	10	90		10											

	ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.																
▪ CMCCT	▪ FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	100	10	80		10	10										



Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. .%	Peso Cualific. .%	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob.esc.	Prob.oral	Trab.ind.	Trab.grup.	Cad.Cla.	Rúb.(2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
▪ CMCCT	▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	100	10	100													
▪ CMCCT	▪ FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	80	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	80	10	90		10											
▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE	▪ FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	80	10			50	50						x		x		

Primeira proba

Segunda proba

Terceira proba

## 3ª AVALIACIÓN

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais							
				Prob.esc	Prob.oral	Trab.ind	Trab.grup	Cad.Cia	Rúb.(2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
▪	Bloque 5. Enerxía																	
▪ CMCCT	▪ FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	100	10	80	20													
▪ CMCCT	▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	100	10	90		10												
▪ CMCCT	▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	100	10	80	20													
▪ CMCCT	▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	100	10	90	10													
▪ CMCCT	▪ FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	100	10	90		10												
▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC	▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndooos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de	80	10	60		20	20											

quecemento.																			
-------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TI C	EMP	EC	PV
▪ CMCCT	▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	100	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	100	10	90		10						x					
▪ CMCCT	▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	80	10	80	20												
▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC	▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	100	10	60		20	20					x					x



Primeira proba



Segunda proba

### 10.3.- Unidades didácticas e secuenciación de contidos

A continuación amósanse os contidos distribuídos nas diferentes unidades didácticas, así como as sesións docentes previstas.

	UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDOS	SESIÓNS
1ª Avaliación	1.- O traballo dos científicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Método científico: etapas.</li> <li>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.</li> <li>▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> <li>▪ B1.5. Traballo no laboratorio.</li> <li>▪ B1.6. Procura e tratamento de información.</li> <li>▪ B1.7. Proxecto de investigación.</li> </ul>	8 sesións 25/09 ao 12/10
	2.- A materia que nos rodea	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Propiedades da materia.</li> <li>▪ B2.2. Aplicacións dos materiais.</li> <li>▪ B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.</li> <li>▪ B2.4. Leis dos gases.</li> </ul>	16 sesións 13/10 ao 17/11
	3.- A diversidade da materia	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Substancias puras e mesturas.</li> <li>▪ B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.</li> <li>▪ B2.7. Métodos de separación de mesturas.</li> </ul>	13 sesións 20/11 ao 22/12
2ª Avaliación	4.- A materia transfórmase	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Cambios físicos e cambios químicos.</li> <li>▪ B3.2. Reacción química.</li> <li>▪ B3.3. Aquímica na sociedade e o ambiente.</li> </ul>	12 sesións 08/01 ao 02/02
	5.- Vivimos en movemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Velocidade media.</li> <li>▪ B4.4. Velocidade media.</li> <li>▪ B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.</li> </ul>	10 sesións 05/02 ao 02/03
	6.- As forzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Forzas: efectos.</li> <li>▪ B4.2. Medida das forzas.</li> <li>▪ B4.6. Máquinas simples.</li> <li>▪ B4.7. O rozamento e os seus efectos.</li> <li>▪ B4.8. Forza gravitatoria.</li> <li>▪ B4.9. Estrutura do Universo.</li> <li>▪ B4.10. Velocidade da luz.</li> </ul>	13 sesións 05/03 ao 13/04
3ª Avaliación	7.- A enerxía e as súas transformacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Enerxía: unidades.</li> <li>▪ B5.2. Tipos de enerxía.</li> <li>▪ B5.3. Transformacións da enerxía.</li> <li>▪ B5.4. Conservación da enerxía.</li> </ul>	14 sesións 16/04 ao 18/05
	8.- Enerxías térmicas e eléctrica	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura.</li> <li>▪ B5.6. Escalas de temperatura.</li> <li>▪ B5.7. Uso racional da enerxía.</li> <li>▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica.</li> <li>▪ B5.9. Fontes de enerxía.</li> <li>▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía.</li> </ul>	14 sesións 21/05 ao 21/06

## **11.- TERCEIRO CURSO. MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA**

### **11.1.- Obxectivos da área de Física e Química de 3º ESO**

- Recoñecer e identificar as características da metodoloxía científica.
- Dar valor á investigación científica e recoñecer o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
- Identificar os materiais e instrumentos básicos para utilizar nos laboratorios de Física e Química.
- Coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.
- Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
- Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
- Recoñecer os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e ver a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.
- Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.
- Coñecer a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
- Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
- Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.
- Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
- Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.
- Describir no nivel molecular o proceso polo cal os reactivos se transforman en produtos en termos da teoría de colisións.
- Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.
- Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.

- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
- Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.
- Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
- Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo ao desenvolvemento tecnolóxico.
- Comparar, analizar e deducir mediante experiencias as características dos imáns e das forzas magnéticas, así como a súa relación coa corrente eléctrica.
- Recoñecer as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.

### **11.2.- Estándares de aprendizaxe, competencias clave, instrumentos de avaliación e temporalización.**

A continuación amósanse os estándares de aprendizaxe, a súa relación coas competencias clave e os instrumentos de avaliación empregados, de acordo ao establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén refírese nas seguintes táboas a temporalización dos bloques de contidos e a súa distribución nos diferentes instrumentos de avaliación.

**1º AVALIACIÓN**

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec. %	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
CAA,CMCCT, CCL	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos. FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	50	10	80		10		10				x			x		
CAA,CCEC,C MCCT	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	60	15	80	10		10										
B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.
B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.	<p>FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.</p> <p>FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.</p>
B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.

## 12.4.- Unidades didácticas e secuenciación de contidos

A continuación amósanse os contidos distribuídos nas diferentes unidades didácticas, así como as sesións docentes previstas. Inclúense dentro dos contidos, os correspondentes os estándares de aprendizaxe imprescindibles non impartidos no curso anterior, que están marcados en negra e cursiva.

	UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDOS	SESIÓNS
1ª Avaliación	1.- Magnitudes e unidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Investigación científica.</li> <li>▪ B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.</li> <li>▪ B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.</li> <li>▪ B1.4. Erros na medida.</li> <li>▪ B1.5. Expresión de resultados.</li> <li>▪ B1.6. Análise dos datos experimentais.</li> <li>▪ B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.</li> <li>▪ B1.8. Proxecto de investigación.</li> </ul>	6 sesións 26/09 ao 07/10
	2.- Átomos e sistema periódico	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.1. Carga eléctrica.</b></li> <li>▪ <b>B4.2. Forza eléctrica.</b></li> <li>▪ B2.1. Modelos atómicos.</li> <li>▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.</li> </ul>	9 sesións 09/10 ao 30/10
	3.- Enlace químico	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.</li> <li>▪ B2.4. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.</li> <li>▪ B2.5. Forzas intermoleculares.</li> </ul>	9 sesións 02/10 ao 20/11
	4.- Química do carbono	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Introducción á química orgánica.</li> </ul>	8 sesións 23/11 ao 14/12
2ª Avaliación	5.- Reaccións químicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Reaccións e ecuacións químicas.</li> <li>▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.</li> <li>▪ B3.3. Cantidade de substancia: mol.</li> <li>▪ B3.4. Concentración molar.</li> <li>▪ B3.5. Cálculos estequiométricos.</li> </ul>	13 sesións 16/12 ao 27/01
	6.- Exemplos de reaccións químicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Reaccións de especial interese.</li> </ul>	6 sesións 29/01 ao 10/02
	7.- O movemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	13 sesións 12/02 ao 17/03
3ª Avali	8.- As forzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Natureza vectorial das forzas.</li> <li>▪ B4.3. Leis de Newton.</li> <li>▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> <li>▪ <b>B4.3. Imáns. Forza magnética.</b></li> </ul>	8 sesións 22/03 ao 16/04
	9.- Forza gravitatoria	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	5 sesións 19/04 ao 30/04

	10.- Forzas en fluidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Presión.</li> <li>▪ B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>▪ B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<p><b>6 sesións</b> 03/05 ao 12/05</p>
	11.- Traballo e enerxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.</li> <li>▪ B5.3. Traballo e potencia.</li> <li>▪ <b>B5.1. Fontes de enerxía.</b></li> </ul>	<p><b>7 sesións</b> 14/05 ao 01/06</p>
	12.- Enerxía e calor	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> <li>▪ B5.4. Efectos da calor sobre os corpos.</li> <li>▪ B5.5. Máquinas térmicas.</li> <li>▪ <b>B5.2. Uso racional da enerxía.</b></li> <li>▪ <b>B5.6. Tipos de enerxía.</b></li> <li>▪ <b>B5.4. Transformacións da enerxía.</b></li> </ul>	<p><b>9 sesións</b> 02/06 ao 21/06</p>



### 13.- METODOLOXÍA

Ante a situación de pandemia provocada pola COVID-19, e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir o longo do curso, alternando a docencia presencial coa non presencial, a maioría das actividades que se levaran a cabo poderanse desenvolver nos distintos escenarios (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

En consecuencia, o uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, para a posta en practica das distintas programacións, utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Os contidos que se tratarán no caso de alumnos que necesiten reforzo educativo serán os mesmos que os do grupo de referencia (os mínimos establecidos pola Consellería de Educación), pero usarase diferente metodoloxía, secuenciando cada contido en pasos sinxelos para ir avanzando en dificultade ao mesmo tempo que se plantexan cuestións de reforzo .

Prestarase especial atención ao desenvolvemento das destrezas e estratexias de aprendizaxe a través de :

- Lectura comprensiva de textos científicos, aplicando técnicas de aprendizaxe significativas tales como suliñado, esquemas etc.. Utilizarase como material de apoio o libro de texto, guías, enciclopedias, revistas divulgativas...
- Realización de actividades prácticas, consistentes na observación e descrición procesos naturais cercanos aos alumnos, tanto biolóxicos como xeolóxicos, físicos e químicos.
- Elaboración de táboas de recollida de datos das observacións realizadas e as gráficas correspondentes, co posterior estudio e comunicación dos resultados.
- Interpretación de mapas do tempo, gráficos... a partir dunha explicación previa do seu fundamento.
- Utilización de recursos audiovisuais e novas tecnoloxías para recoller información e elaborar informes.
- Manexo de material de laboratorio como elemento motivador e favorecedor da

aprendizaxe.

## **14.- CONTIDOS TRANVERSAIS**

A materia de Física e Química, nos seus diferentes niveis contribúe a asentar nos alumnos as seguintes actitudes e valores:

### **Educación para a convivencia**

Persegue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo en dúas direccións:

- O respecto pola autonomía dos demais.
- O diálogo como forma de solucionar as diferencias.

### **Educación para a saúde**

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e ambiental. Propón dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou curalas.
- Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, relación non medorenta co persoal sanitario, etc.

### **Educación para a paz**

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarmamento, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persegue estes obxectivos prácticos:

### **Educación para a acción**

As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.

- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

### **Educación do consumidor**

Propón, entre outros, estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e ambientais.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así coma dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.

- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

### **Educación non sexista**

A educación para a igualdade introdúcese expresamente pola necesidade de crear desde a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- Desenvolve-la autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, nos xogos, nas profesións, etc.
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

### **Educación ambiental**

Entre os seus obxectivos encóntranse os seguintes:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio natural global.
- Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír á súa deterioración, así como hábitos individuais de protección do medio.

### **Educación sexual**

Preséntase como esixencia natural da formación integral da persoa. Os seus obxectivos fundamentais son os seguintes:

- Adquirir información suficiente e cientificamente sólida verbo destes aspectos: anatomía e fisioloxía de ámbolos sexos; maduración sexual; reprodución humana; reprodución asistida, prevención de embarazos; enfermidades venéreas e de transmisión sexual, manifestacións diversas da sexualidade, etc.
- Consolidar unha serie de actitudes básicas: naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade; criterios de prioridade en casos de conflito entre exercicio da sexualidade e risco sanitario; hábitos de hixiene; relación espontánea e confiada con urólogos e xinecólogos; respecto ás diferentes manifestacións da sexualidade; autodominio en función de criterios e conviccións.
- Elaborar criterios para xuízos morais sobre os delitos sexuais, a prostitución, a

utilización do sexo na publicidade, a pornografía, a reprodución asistida, etc.

### **Educación vial**

Propón dous obxectivos fundamentais:

- Sensibilizar ós alumnos e alumnas sobre os accidentes e outros problemas de circulación.

- Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial coma peóns e coma usuarios de vehículos.

### **Educación para Europa**

Os seus obxectivos principais son:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.

## **15.- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

A tódolos alumnos que teñen pendente a materia de Física e Química seralles entregado de xeito regular actividades encamiñadas a guiar o repaso da materia suspensa. Poderán consultar dúbidas cos profesores da asignatura sempre que o necesiten e terán que entregar as actividades resoltas. Cada avaliación terán probas orais/escritas según sexa o caso para valorar o seu aprendizaxe. No caso de non superar a materia poderán examinarse nunha proba final en maio.

### **Plan de reforzo do alumnado repetidor**

Dado que estos alumnos están cursando de novo e íntegramente as materias do curso, o reforzo centrarase en detectar e correxir as actitudes que levaron a non superar a materia: déficit de atención na aula, falta de traballo axeitado na casa, desmotivación.

Tratarase de facer un seguimento máis personalizado destes alumnos e se é preciso, recabar a axuda do Departamento de Orientación para modificar conductas pouco axeitadas para o bo rendemento escolar.

## **16.- MÉTODO DE AVALIACIÓN**

**Avaliación inicial:** Realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar, e comprenderá as seguintes accións:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Se se considera necesario, realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

A partir da avaliación inicial e sempre que se considere necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

**Avaliación continua:** Ao longo de todo o curso desenvolverase un proceso continuo de avaliación cun dobre obxectivo. Por unha banda, determinar a eficacia das actividades de ensino-aprendizaxe cara á consecución dos obxectivos da materia xa citados. Por outra banda, a avaliación continua permite a adaptación da propia práctica docente cara á consecución deses obxectivos.

**Instrumentos de avaliación:** Estableceranse procedementos que poderán ser realizados, tanto de maneira presencial coma virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial). Entre estes procedementos estarán, entre outros, os seguintes:

- a) **Probas escritas:** Todas as preguntas e os problemas irán numerados, e indicarase, se procede, a valoración de cada un, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...
- b) **Probas prácticas:** Valorarase o manexo do ordenador e os programas que forman parte do currículo, o manexo das ferramentas informáticas, o respecto das normas de seguridade, etc...

- c) **Probos orais:** Tense en conta a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada, etc...
- d) **Traballos feitos individualmente:** Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...
- e) **Traballos feitos en grupo:** So se levarán a cabo se son compatibles cos protocolos sanitarios en vigor, polo tanto, se se manteñen as normas de distanciamento social, a colaboración entre alumnos será exclusivamente de forma telemática. Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...
- f) **Traballo na aula (ou na casa no caso da docencia presencial):** Terase en conta a realización dos “deberes”, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clase, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, a orixinalidade, etc...

**Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou casa), toda produción ou traballo entregado polo alumno que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).**

De maneira máis concreta, o procedemento para a avaliación nesta materia de física e química será o seguinte:

Faranse ao longo do curso probas escritas e/ou orais relativas aos diferentes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe xa referidos nas táboas anteriores. Cada unha destas probas será cualificada do 0 ao 10 con dous decimais.

Por outra parte valoraranse os traballos realizados individualmente ou en grupo, sendo cualificados mediante o emprego das rúbricas recollidas ao final desta programación.

Por último será valorada a realización de exercicios dentro da aula, que deberán estar recollidos no seu caderno de traballo, e a participación e aproveitamento das actividades prácticas de laboratorio que sexa posible realizar durante o curso. Para a cualificación do caderno empregárase a rúbrica amosada ao final desta programación.

A avaliación positiva requirirá que os alumnos/as dominen os contidos e sexan capaces de desenrolar un traballo diario na clase, elaborar informes pulcros e claros, participar activamente nos traballos en grupo e adquirir o vocabulario específico da materia.

A cualificación de cada avaliación trimestral calcularase como a media das cualificacións obtidas nas probas orais e/ou escritas truncada á unidade.

Os traballos de ampliación propostos pola profesora/o poderán sumar ata un punto sobre a cualificación media obtida nos exames orais/escritos. Os exercicios realizados na casa ou na aula poderán sumar 0,25 puntos por día ata un máximo de un punto sobre a cualificación das probas obxectivas.

Para considerar que a avaliación trimestral foi superada o alumnado debe acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

O alumnado que non acadou unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre deberá realizar unha/s nova/s proba/s obxectiva/s cos mesmos estándares de aprendizaxe que os previamente avaliados nas probas cualificadas con menos dun 3. Estas probas de recuperación faranse a continuación da entrega do boletín de cualificacións trimestrais correspondente.

**Avaliación ordinaria:** a cualificación na avaliación ordinaria de xuño calculase como a media das cualificacións obtidas en todas as probas orais e/ou escritas realizadas ao longo do curso redondeada á unidade.

Os traballos de ampliación propostos pola profesora/o poderán sumar ata un punto sobre a cualificación media obtida nos exames orais/escritos. Os exercicios realizados na casa ou na aula poderán sumar 0,25 puntos por día ata un máximo de un punto sobre a cualificación das probas obxectivas.

Para considerar que a avaliación ordinaria foi superada o alumnado debe acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

O alumnado que non acadase unha cualificación igual ou superior a 5 poderá realizar unha/s nova/s proba/s obxectiva/s cos mesmos estándares de aprendizaxe que os previamente avaliados nas probas cualificadas con menos dun 3.

**Avaliación extraordinaria:** a cualificación na avaliación extraordinaria de setembro calculase como a media ponderada das cualificacións obtidas nos boletíns de actividades entregadas polo profesorado en xuño ao alumnado que non superou a avaliación ordinaria e da cualificación da proba escrita realizada en setembro. O peso da media das cualificacións dos boletíns é do 40% e o da proba escrita é do 60%. Dita

media ponderada será redondeada á unidade.

## 17.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No CPI Tino Grandío temos un alumnado que non se axusta a un único patrón de aprendizaxe definido pola idade e polo nivel escolar. Existen matices nas súas personalidades que marcan a diversidade na aula, tales como: o nivel de competencia curricular, o momento de desenvolvemento psicolóxico, as motivacións, o esforzo, os intereses, os estilos de aprendizaxe, os ambientes familiares e os contextos socioculturais, entre outros parámetros característicos de cada individuo.

Dentro desta gran diversidade existen determinados alumnos e alumnas que se agrupan baixo o termo de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo ou NEAE. A definición deste termo evoluciona dende as anteriores leis educativas (LOGSE, LOCE e LOE) achegando cada unha novos aspectos, ata chegar á actual definición e clasificación de NEAE recollida no Título II Equidade na Educación na actual LOMCE.

O Artigo 7 do D86/2015 referente o alumnado con NEAE recolle o seguinte:

Artigo 7. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

*1. Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.*

*Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

*2. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.*

*3. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración,*



*realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.*

*4. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.*

*5. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.*

*6. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.*

A atención á diversidade conta con medidas como:

- As medidas **ordinarias** de atención á diversidade son a acción tutorial e orientadora que personaliza e individualiza o proceso de ensino/aprendizaxe; e a elaboración de itinerarios formativos que favorece o deseño dun currículo axustable ás motivacións e intereses de cada alumno/a. Os reforzos educativos (RE) coa adaptación dos espazos e tempos, a metodoloxía na aula e/ou a forma da proba obxectiva... son elementos non prescritivos do currículo.

- As medidas **extraordinarias** como as adaptacións curriculares significativas (ACIS), que afectan aos elementos prescritivos do currículo: aos contidos, obxectivos e/ou á avaliación (criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe). Tamén as medidas a nivel organizativo que se realizan fóra da aula ordinaria e comprenden a duración do curso escolar, aplícanse a rapaces e rapazas que non son capaces de desenvolver a un bo ritmo os obxectivos da etapa da ESO co grupo de clase ordinario. Estas medidas son, por exemplo, os Programas de Mellora da Aprendizaxe o do Rendemento (PMAR).

O Departamento de Orientación do centro é o encargado de diagnosticar e concretar en colaboración co equipo docente a medida máis axeitada que se debe tomar, pero o labor de facer unha inclusión verdadeira será de toda a comunidade educativa.

O profesorado xoga un papel de detección, cando non están diagnosticadas previamente, e de comunicación co Departamento de Orientación na Avaliación Inicial de principios de curso ou no momento en que nos pareza percibible debemos falar co titor/a do grupo. No caso de que se propoña realizar unha adaptación curricular, que deberá aprobar a inspección educativa, o noso papel como docentes volve a cobrar relevancia e seremos os encargados de deseñar e levar a cabo a medida sempre contando co dpto. de Orientación.

É posible que poida xurdir no transcurso do ano escolar unha NEAE, ben mediante unha detección dalgún alumno/a do grupo ou por incorporación dun novo estudante que se enmarque dentro das NEAE, polo que resulta moi importante coñecer as medidas que se poden levar a cabo e os protocolos a seguir.

### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula,

estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar con carácter xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### **Necesidades individuais**

A avaliación inicial facilitará non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## **18.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

A nivel de centro seguiremos os criterios especificados no artigo 23 do DOG do 29/6/2015.

Promocionarán ao curso seguinte os alumnos/as que:

- Superaran todas as materias do curso
- Teñan avaliación negativa en unha ou dúas materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

Repetirán aqueles alumnos/as que:

- Teñan avaliación negativa en tres ou máis materias
- Teñan avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

Excepcións

Pode autorizarse a promoción con tres materias se:

- Dúas delas non son simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

O claustro de profesores acorda que para que un alumno se beneficie desta excepción deberá amosar un traballo continuado nas materias aínda que, polas súas circunstancias particulares non poida superalas.

Enténdese que debe intentar seguir o desenvolvemento normal das clases, traer o material necesario (non facelo supón tamén una falta leve ás normas de convivencia), presentarse as probas correspondentes e resolvelas na medida das súas posibilidades.

As actitudes negativas e/ou o abandono deberán ser reflectidas polos profesores ao longo do curso e nas sesións de avaliación.

Desta maneira trataremos de evitar que os alumnos sen necesidades educativas especiais decidan abandonar unha ou máis materias, co agravio comparativo e mal exemplo que isto supón cara ao resto dos seus compañeiros.

- Que se lle apliquen ao alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refira o apartado 7 do artigo 23.
- Que tendo avaliación negativa en Lingua Galega Literatura e Matemática ou en

Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, o equipo docente considere que pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten posibilidades de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

## 19.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Propónse o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre ou cara ao curso seguinte, para así poder recoller as melloras. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS AVALIAR	PA	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos da unidade				
Descritores e desempeños competenciais				
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				
Recursos				

Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## 20.- PLAN LECTOR, ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

A labor de fomento da lectura nos alumnos de secundaria é interdisciplinar e favorecedora do proceso de comprensión, adquisición de conceptos e a súa expresión, tanto oral como escrita.

No primeiro “ciclo” o profesor/a guiará aos alumnos, facilitando en gran medida o material a empregar. Fomentarase a lectura de textos divulgativos de carácter científico e extensión reducida, fundamentalmente procedentes de xornais e revistas. Esta lectura deberá ser comprensiva e o alumno/a deberá ser capaz de extraer as ideas fundamentais, tratando de relacionalas coa materia obxecto de estudo. Por outra parte fomentarase a consulta de material bibliográfico do centro para ampliar determinados aspectos da materia que requiran un estudo en profundidade. Tratarase de fomentar a curiosidade do alumno/a por achar respostas a problemas de actualidade en relación coa ciencia.

No segundo “ciclo” fomentarase a consulta individual de bibliografía relacionada coa saúde-enfermidade, descubrimentos científicos relevantes, labor investigadora de grandes personaxes do mundo da ciencia e controversias actuais que se plantean ante a aportación da ciencia ao desenvolvemento da sociedade e a búsqueda de solucións a grandes problemas globais tales como a contaminación, a produción de alimentos, a búsqueda de tratamentos de enfermidades etc.. Esa consulta desembocará na elaboración de traballos que o alumnado deberá comunicar e discutir co resto dos seus compañeiros.

## **21.- USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NA ÁREA DE FÍSICA E QUÍMICA**

Constitúen un importante recurso para reforzar o proceso de aprendizaxe en canto a que permiten a búsqueda de información, o seu tratamento e selección e a elaboración de gráficos, esquemas e presentacións cara a comunicar os traballos dos alumnos aos seus compañeiros.

Tamén poden ser usadas pola profesora para expoñer temas, proxectar documentais e resolución de actividades na pizarra dixital.

### **MATERIAL A EMPREGAR**

- Libros de texto e dixitais en 2º da ESO
- Xornais
- Material elaborado polo profesorado da materia, xunto con enlaces, videotutoriais, presentacións, etc., colgados na aula virtual do centro.

#### Revistas

- National Geographic
- Natura
- Investigación y Ciencia
- Muy interesante
- Espacio

Libros e lectura na rede.

## **22.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Participación no Plan Proxecta, no proxecto Aliméntate ben.

O plan está orientado a desenvolver actividades encamiñadas á sensibilizar aos alumnos na importancia dunha alimentación equilibrada, a orixe e procesamento dos alimentos.

Participación nas actividades propostas pola USC dentro do programa Xuvenciencia (Photonics Explorer e Vitroplant).

Desenvolvemento do Club de Ciencia con alumnos de 1º a 4º da ESO

Visita ao Parque Eólico Experimental de Sotavento.


Celebración da Semana da Ciencia.

### **23.- MATERIAL DIDÁCTICO A UTILIZAR**

- Vídeos ilustrativos dos seguintes temas:
- Natureza química da materia.
- Cinemática e dinámica.
- O Universo e o Sistema Solar
- Coleccións de minerais e rochas.
- Coleccións de fósiles.
- Láminas de anatomía e organografía animal e vexetal.
- Lupas, microscopios e material necesario para realizar preparacións sinxelas.
- Modelo anatómico humano a escala.
- Material de laboratorio para a realización de prácticas sinxelas de física e química e bioloxía e xeoloxía.
- Xornais, revistas, enciclopedias de natureza , e internet

C.P.I. Tino Grandío, Guntín, a 15 de outubro de 2020

O Xefe de Departamento: Ignacio Taboada Torres





**Rúbrica do caderno de clase**

	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	
A portada do caderno, inclúe o curso, a materia, a data de inicio do caderno e o nome?																			
Indícase o inicio de cada tema e aparece a data na que se toman os apuntamentos, se realizan as actividades, etc.?																			
Ao realizar unha actividade, cópiase o enunciado, ou polo menos indícase o seu número e onde encontralo (páxina do libro, fotocopias, Internet, etc.)?																			
Coidouse a ortografía e o uso correcto dos símbolos necesarios, así como a limpeza?																			
Respectáronse as marxes e realizouse unha distribución adecuada dos contidos do caderno?																			
Incluíronse correccións e aclaracións sempre que foi necesario?																			
Realizáronse ilustracións, debuxos, esquemas, resumos e/ou mapas mentais, que axuden no estudo e na comprensión do contido?																			

**Rubrica de exposición oral**

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2
COMUNICACIÓN ORAL	1	Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema que se vai tratar.
	2	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta e coída a linguaxe non verbal.	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, pero non coída a linguaxe non verbal.	Coída a linguaxe non verbal.
	3	Realiza unha introdución esquemática e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica.	Realiza unha introdución esquemática da exposición.
	4	Cítanse conclusións, invítase a realizar preguntas e despídese.	Cítanse conclusións e invítase a realizar preguntas.	Cítanse conclusións ou invítase a realizar preguntas.
DA EXPOSICIÓN/CONTIDO	5	A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.
	6	A información foi traballada e elaborada polo propio alumno ou a propia alumna a partir das fontes de información indicadas.	A información parece que foi elaborada polo alumno ou pola alumna, pero non indicou as fontes de información.	Parte da información transmítese directamente desde unha ou varias fontes de información.
	7	Emprega a linguaxe de forma adecuada e amena, e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega vocabulario (técnico) acorde co tema.
	8	Responde ás preguntas con acerto e precisión.	Responde ás preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde a algunha pregunta con erros ou vaguidades.
DE APOIO/RECURSOS	9	Interactúa co auditorio mediante varias actividades que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.
	10	Emprega apoio audiovisual para recordar datos ou dar exemplos importantes, e é creativo.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante ou non é creativo.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición adecuada.

### Rubrica de traballos escritos

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo está ben definido e trátase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente pero trátase de forma adecuada.	O tema está ben definido pero déixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información sobre el é escasa.
	2	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e infografía é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografía é correcto.	O uso de imaxes e infografía é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografía non achega nada ao traballo.
	4	O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5	A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoidouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto do traballo ou os autores, e carece de índice.
	7	O contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, o que facilita a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fóra de lugar ou empregáronse mal as transicións entre elas, e non se mantén a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato; custa lelo.
	8	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusións, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou si as inclúen, pero parecen copiadas doutra fonte.